

Terma 3 Proporcións Boletín 2

Nome: _____ Curso 2º-E Día: -11-09

Resolve os seguintes problemas seguindo as seguintes instrucións:

- O problema 1 empregando a igualdade de razóns.
- O segundo empregando unha regra de tres.
- O primeiro apartado do terceiro por redución á unidade.
- Empregando a constante de proporcionalidade.

1. Un ciclista percorreu 10 km en 15 minutos. Se continúa á mesma velocidade, ¿canto tardará en cubrir os próximos 30 km? ¿Que distancia percorrerá nos próximos 12 minutos?
2. Un tren, a 120 km/h, tarda 4 horas en cubrir a distancia que separa dúas cidades. ¿Canto tardará en cubrir a mesma distancia se a súa velocidade é de 80 km/h?
3. Realiza os seguintes problemas:
 - a) Para descargar un camión de sacos de cemento, 8 obreiros empregaron 6 horas. ¿Canto tempo empregarán 12 obreiros?
 - b) Para encher unha piscina utilízase unha billa que bota 300 litros de auga por minuto e tarda en encher a piscina 6 horas. Canto tardará en encherse a piscina cunha billa que bote 450 litros por minuto? E cunha billa que bote 750 litros por minuto?